

# ARLEQUINA

## 1 NO TALLER DO TITIRITEIRO

1 panel con cuco, 1 panel taller, mesa carpinteiro (2 módulos pontes) 1 porta, 1 cadeira, 1 cabalete con papel. Taco madeira, trencha e cepillo. Feixe periódicos. Tesoiras. Rotulador encarnado

Ao fondo un reloxo de Cuco (Larraitz) esta pronto a dalas horas.

1

### 1. Syrinx (1'40")

Un paxaro (Xurxo) voa, e por onde pasa vai deixando a luz acesa:

- sae por detrás do panel de cuco,
- enriba dos músicos,
- cabalete e para, observa,
- por riba da porta,
- rodea mesa, cadeira,
- e marcha por detrás do panel do cuco.

### 2 Efecto ferramentas (30")

As ferramentas comezan a traballar soas: garlopa (Borja), trencha (Larraitz) e maza (Ero)

O construtor acorda, estarricase, mira o pao e dáse palmadiñas como se o tivera feito el.

Vai cara o cabalete e debuxa un garabato que é un personaxe feito en liñas, case que é un boquexo... non lle convence, arráncao e engurra e déitao no chan feito unha bola.

O construtor vaise porque ten dor de tripa.

### 4. Aer (2' 30)

O ventilador comeza a funcionar, un feixe de papeis de periódico voan ao final queda unha folla que fica de pe na mesa (Isa). Larraitz ao fondo, Ero detrás do cabalete, Borja na porta e Xurxo na esquerda diante.

A folla colle vida e comeza a remexer polo banco, asexo todo ... a folla remexe por debaixo do banco, achegase a bola de papel brinca con ela, dálle unha pancada a bola laiase, a folla fuxe, acochase detrás

dunha pata do banco e sube ao banco ao tempo que da bola sae o debuxo como fanteche de arame, o fanteche anda un pouco polo ar e senta no banco e preguntalle á folla:

ARAMIO.-            Quen es ti?

### **5. Son un papel (2' 30")**

**FOLLA.-**                *Son un papel*

*Un papeliño,*

**ARAMIO.-**                **Un cacho de periódico**

**Cheo de letras e algún debuxiño.**

**FOLLA.-**                *Son un papel*

*Moi pequerrechiño*

**ARAMIO.-**                **Un pouco morriñoso**

**E moi aqueladiño.**

**FOLLA.-**                *Son un papel*

*Un papeliño*

**ARAMIO.-**                **Que anda polo mundo**

**Sen ter camiño**

**FOLLA.-**                *Son un papel,*

*Quen son eu?*

*non son*

**ARAMIO.-**                **Nin guapo, nin feo,**

**nin engurradiño, nin teso,**

**FOLLA.-**                *Nin torto, nin chosco, birollo*

*porque non teño ollos,*

*nin son destro,*

*nin son manicho?...*

*quen son eu?*

*son un papel*

*Un papeliño*

*Un cacho de periódico*

**ARAMIO.- Cheo de letras e algún debuxiño**

O Arame remata detrás do cabalete e o papel enriba da mesa.

Entra Marcelino cortando unha folla de periódico a racha mais como non lle sae como el quere a tira... pero esta convértese por arte de maxia nunha boneca de papel de periódico. Os dous asústanse e dan un brinco, ela salta para a mesa.

Marcelino a asexo, dálle leccións de psicomotricidade, mais a boneca é torpe, tropeza con todo, cae

**MARCELINO.-** Voute chamar ARLEQUINA

Chaman por telefono, Marcelino contesta... tense que ausentar un anaco... dálle instrucións a boneca (Arlequina) para que non saia pola porta... esta afirma ca cabeza. Marcelino a deita para que durma, a tapa con periódico e vaise pola porta.

Arlequina, que férvenlle as verzas destapase ao berro de: "eu non mimo mime ti".

Arlequina un pouco asustada achegase á porta e asexo para fora... vense as luces dos coches ao pasar, as luces dos semáforos escintilan ao tempo que se escoitan ruídos de motores, pitos, freadas, etcétera.

**6.-Chronographie (1' 30")**

**CAMBIO DECORADOS**

- Mentres a porta (Isa e Larraitz) vai de dereita a esquerda crúzase co panel coa casa alta (Xurxo) que vai no sentido contrario.
- Ero xira o panel do Cuco e o das ferramentas,
- Kukas mete o panel de casas pequeno,
- Ero coloca o panel dos carteis e si tal Larraitz repasa que quede no sitio
- O cabalete o retira Borja.

- Borja e Ero colocan os bancos da rúa. 1º o de arriba co burato e os periódicos queda na dereita 2º o de abaixo na esquerda.
- Kukas coloca o farol
- Poñerse os chalecos Ero, Borja e Larraitz e gorras os músicos.

## **2 NA RÚA**

### **7.1. La Nouvelle Orleáns (2' 50")**

4

- Entran 5 músicos coas gorras de rúa tocando unha danza e
- 3 titiriteiros Larraitz pola esquerda e Ero e Borja pola dereita, con 2 marionetas.
- Arlequina sae a rúa pola porta, tremente, pero logo anímase a bailar...

Niso aparece pola rúa Marcelino que atravesa a escena, mentres Arlequina achegase a unha parede chea de carteis e fica camuflada, Marcelino mira aos músicos e truco maxia para botar unhas moedas a Ero que leva unha gorra trucada e entra pola porta e desaparece.

Arlequina vaise achegando a eles, escoita admirada aos músicos e deixándose levar polo ritmo comeza a bailar...

Arlequina aplaude, quere ser como ela e comeza a brincar ao xeito...

Entra o trapalleiro con levita verde pola dereita tirando do carriño do lixo fita para Arlequina porque lle chama a atención e ponse unha viseira de policía asubía e os músicos mailas marionetas foxen da escena, Arlequina sigue danzando sen decatarse do que esta a acontecer... O Señor trapalleiro tenta collela e facerlle un trato:

**TRAPALLEIRO.-** Que vexo?... Non dou creto....

Un papel que baila, brinca e cantarúxea!

Este papel soa a diñeiro,

a moitos cartos... Tocoume a lotaría...

Achegase a ela, tropeza, ela escapa. El senta como se nada

Bravo, bravísimo!

**ARLEQUINA.-** Grazas! (asustada)

**TRAPALLEIRO.-** E cal é o seu nome

**ARLEQUINA.-** Chámanme Arlequina

**TRAPALLEIRO.-** E nunca pensaches dedicarte ao espectáculo?  
serías a máis afamada de tódalas estrelas...

Vexo o teu nome escrito con luces de neon:

**ARLEQUINA!**

París, Nova York, Londón, Hong Kong, Moscú,  
Berlín, Cans, Coristanco., Cacheiras...

Todos rendidos aos teus pes!

**ARLEQUINA.-** Quero volver a miña casa

**TRAPALLEIRO.-** ...Pois acompáñote...hai xente moi ruín por aí

**ARLEQUINA.-** Graciñas

O trapalleiro métea no cubo do lixo.

**TRAPALLEIRO.-** Xa es miña! Voume facer rico, riquísimo

Un anaco de papel que brinca, danza e  
cantarúxea!

Rico, rico, riquísimo,

multimillonario, billonario, megamillonario...

Marcha polo lado dereito

Volven os músicos e os titiriteiros e póñense tocar na rúa de novo,  
os bailaríns no banco da esquerda.

**7.2. Claque (30 - 40")**

Marcelino sae pola porta, vai a onda os titiriteros e pregúntalle por  
Arlequina, ninguén sabe o que lle aconteceu,

### 7.3. Procesión saída (40")

Marcelino vaise tristeiro. Todos van detrás del en triste comitiva...

- Desaparece Kukas polo fondo esquerda,
- os músicos quedan no seu sitio,
- Borja no lado esquerdo e
- Ero e Larraitz pola dereita e
- Isa detrás dun panel da esquerda

Polo proscenio esquerdo aparece o Trapalleiro e deixa o carriño no centro entre os dous bancos, del saca un feixe de papeis no que vai atada cunha corda Arlequina.

6

**TRAPALLEIRO.-** Así camuflada para que ninguén te atope

**ARLEQUINA.-** Auxilio, socorro!

**TRAPALLEIRO.-** A calar!, si non queres que  
te deixe ao tempero...

O trapalleiro busca no carro do lixo

Aquí non está, por aquí tampouco,  
debeume quedar na Alameda...

Arlequina acouga e fica queda que agora veño.

O Trapalleiro marcha polo fondo esquerdo.

Entra o Bebito pola esquerda torpe sube ao banco esquerdo, logo ao cubo do lixo e ao ver as revistas se achega a elas no banco da dereita, as desata e comeza a rachalas sadicamente... Arlequina liberada asústase, ten medo, da un chouto ata o farol e o Bebito gatuña deica ela, Arlequina salta e agachase detrás do carro do lixo. O Bebito esta pronto a apañala... queda medio colgado no cubo do lixo e niso entran dos personaxes pai e nai.

### 8. CANCIÓN DOS PAIS...("onde vai o neno?") (2')

- Primeiro entra o pai entre os paneis das casas,
- cando está na metade da escena entra polo panel de diante a nai.
- Móvense por todas partes e de vez en cando paran e buscan.

**PAI.-** *onde vai o neno*  
*Onde vai o neno*  
*Onde vai o neno*  
*O neno onde esta?*

**NAI.-** **onde esta o neno**  
**Onde esta o neno**  
**Onde esta o neno**  
**O neno onde vai?**

**PAI.-** *o neno ten que durmir*

**NAI.-** **o neno ten que tomar o biberón**

**PAI.-** *o neno ten que durmir*

**NAI.-** **o neno ten que trocar primeiro o cueiro**

**PAI.-** *e logo durmir*

**NAI.-** **onde esta o neno**  
**Onde esta o neno**  
**Onde esta o neno**  
**O neno onde vai?**

**PAI.-** *onde vai o neno*  
*Onde vai o neno*  
*Onde vai o neno*  
*O neno onde esta?*

**NAI.-** **velaí vai....**

Atopan ao bebito no contedor, collen ao Bebito e o acariñan danlle agarimos... e o levan. Vanse pola dereita.

O Trapalleiro entra polo fondo a esquerda cun barco de papel na man. Ve a Arlequina, cóllea e a monta nel.

**TRAPALLEIRO.-** Querías fuxir, eh?

Xa verás, comigo viaxarás, coñeceras mundo...

Francia, Brasil, Canada, Muxía, Camariñas,  
Fisterra...

O vento axita, o barco con Arlequina que se lle vai das mans ao Trapalleiro este tenta apañala mais o vento e a treboada o botan de escena e Xurxo co vento vaise pola dereita.

### 9. IV Movemento Jean Françaix (2')

#### **CAMBIO DECORADOS**

- Voan dous papeis (Larraitz)
- Ventilador na dereita (Xurxo).
- Mentres os paneis xíranse como movidos polo vento, Borja xira as casas,
- O panel de carteis e máis a porta xírao Ero.
- Kukas no mar da esquerda.
- Larraitz coloca a illa e a palmeira co mono colgado e colle o barco se da tempo.
- Isa leva a Arlequina.

### 3 O MAR

- O barco(Larraitz) con Arlequina (Isa) comeza a navegar por riba das ondas dun mar batido,
- Uns peixes(Ero o largo e Borja o gordecho) saltan sobre as ondas, todos vanse co vento, deixando a Arlequina nunha illa deserta.
- Larraitz leva o peixe de Ero.

### 4 A ILLA

- Arlequina fica triste, aborrecida, ...
- un Mono (Ero) enreda polas arbores, colle uns cocos e follas e entre dúas palmeiras, o Mono fai o pallaso.

### 10. CANCIÓN DO MONICACO (2' 10")

**MONICACO.-** *Que bonito e vivir en liberdade*

*Xogar aos piratas co seu tesouro escondido, //*



*Ou a ser raíña nun palacio asolagado...//  
para ti so ter unha illa paradisíaca,//  
Brincar de arbore en arbore,//  
Comer unha banana//  
perseguir centolas e gaivotas //  
Facer o que te peta da gana //*

***Que felicidade deixar sen facer a cama  
E os pratos non ter que lavar...***

**ARLEQUINA.-** *Que cama si durmimos ao tempero  
Deitados sobre a area serea,  
Que pratos si so temos  
Febra de cocos para comer  
E leite de cocos para beber.  
Esta é unha illa deserta  
Tan pequerrechechiña  
Coma unha lata de sardiñas*

**MONICACO.-** *hai que ser optimista  
Temos o ceo como tellado,  
E o horizonte como paisaxe ilimitado*

**ARLEQUINA.-** *eu estou aborrecida*

**MONICACO.-** *ven brincar con nos*

**ARLEQUINA.-** *sempre os mesmos xogos,  
Sempre as mesmas andrómenas...  
Non quero brincar, non quero enredar...*

**MONICACO.-** *Arlequina tes que ser mais optimista,  
Positivista, idealista, altruísta,  
Naturista, bromista, artista,  
Vangardista, surrealista...  
Que remate a canción  
Que me quedo sen respiración!*

**ARLEQUINA.-** *Estou aborrecida...Ah!  
Estou aborrecida!*

### **11.1 música triste / Ou Aqua (30-40")**

Niso aparece unha balea pola esquerda (Larraitz e Borja) que está doente da tripa por comer tanto lixo que hai no mar, laiase. Arlequina escondese detrás da Palmeira.

**BALEA.-** Ai, ai, aiaiaiiii

**MONICACO.-** Ei, olla, Arlequina, unha balea ...  
e asemella que está doente

**BALEA.-** Ai, ai, aiaiaiiii

**MONICACO.-** Escoita como chía...

(á balea) Que te doe, amiga?

**BALEA.-** Dóeme a barriga

**MONICACO.-** Abre a boca, vou ver si tes a tripa rompida

A balea abre a boca e o monicaco métese dentro, pero escapa

Uf! como fede! Pero, que comiches?

**BALEA.-** Cousas que ultimamente abundan no mar...

**MONICACO.-** A balea está empachada por comer plástico,  
comida nada recomendada.

O monicaco métese dentro da balea e comeza a tirarlle lixos de todo tipo, pásallos a Arlequina que os vai metendo nun contedor amarelo de plásticos. Ao final aínda queda algo. O monicaco quítao amodo ... é Pinocho.

**MONICACO.-** E ti que fas aquí!

Vaites, vaites que ti non es deste conto!

**BALEA.-** Pasoume a dor de barriga

Se queredes que faga algo por vos, non tedes mais que pedilo.

**ARLEQUINA.-** Eu quero volver ao taller de Marchelino,  
esa é a miña casa, casiña...

**BALEA.-** Monta no meu lombo e te levarei...

Como premio a balea (Borja) da un chouto e leva ao Macaco e a Arlequina (Ero) ata o peirao.

**ARLEQUINA.-** Ei, monicaco non queres vir comigo?

**MONICACO.-** Ala vou compañeira e amiga...

## **CAMBIO DECORADOS**

- Xurxo move o mar na dereita.
- Mentres Isa coloca o peirao, logo pode seguir con Arlequina.
- Larraitz substitúe a Xurxo no mar ao final.
- Kukas coloca o norai.

## **5 MAR E ARRIVADA AO PORTO**

### **12 CANCIÓN ECOLOXISTA (1')**

*Non tires lixos ao mar*

*basta xa de contaminación!*

*Non tires lixos ao mar*

*Nin plásticos, nin rodas de camiión.*

*O mar limpo ten que estar  
para que os peixes poidan medrar.  
O mar limpo ten que estar  
si nel quéreste bañar.*

Mentres navegan polo mar a Balea, Arlequina e o Macaco.

Marcelino pesca no peirao e chega a Balea, Arlequina e Marcelino danse unha aperta.

**MARCHELINO.-** Arlequina!

**ARLEQUINA:-** Marchelino!

**MARCHELINO.-** Quédolle moi agradecido, señora balea...Adeus!

A Balea marcha pola dereita.

Mentres Marcelino se despide dela aparece con sixilo o Trapalleiro que con un truel rapta a Arlequina e ao Macaco...

Marcelino que non se decatou do asunto vai coller a Arlequina esta non esta, claro, busca pola escena e vaise na procura dela pola esquerda.

### **13. II movemento. Bufonesques. Óscar Álvarez (2'50"-3'30")**

#### **CAMBIODECORADOS**

- Entra Xurxo como director de pista, toca o chifro. Aparecen todos e se colocan ao seu redor montando barullo, miran para diante menos Ero que está de costas. Toca de novo o chifro e todos se xiran e Ero queda de lado, se miran e Ero xira. Fan o xesto de todos a unha coas mans, menos Ero que o fai co pe.
- Van cara o peirao e collen Isa e Larraitz o módulo da esquerda e o colocan, Ero e Borja o da dereita e enganchan a Xurxo que senta enriba do módulo dan un xiro con el e logo queda no chan como se nada e eles colocan o módulo no seu sitio.
- Saen de escena e entran Ero e Borja cargando coa base da dereita como se pesara moito. Logo entra Isa levando a base da esquerda como se nada.

- Entra Larraitz pola esquerda cun pao largo, atravesa a escena ata chegar ao proscenio dereito e busca onde colocar o pao. Mentres entra Ero e con dous xiros de pao case lle da ao trapalleiro que cada vez se agacha e colocou un pao na base esquerda diante. Niso entra Borja cun pao como se fora un telescopio e de repente ve o cu de Ero, Borja asustase e coloca o seu pao na base dereita atrás.
- Larraitz va a meter o seu pao, pero xa está colocado diante esq e detrás dta. Ve o oco de diante dereita e colle impulso cara ao proscenio esquerdo e mentres entra Isa e coloca o pao na base dereita diante
- Larraitz vai colocar o pao diante dta, pero xa está ocupado, ve o oco de detrás esquerda e prepara o seu pao. Niso entra Ero despistado, Borja asubía e mentres Ero xira e Larraitz fai un xiro e dálle a Ero que cae mentres vai a socorrela Isa quítalle o pao e colócao no lado esquerdo atrás. Larraitz tenta axudar a Ero que da un pinchacarneiro e marcha dando voltas atrás pola dereita. Cando vai colocar o pao xa non o ten e están todos colocados.
- Marcha amoscada polo proscenio esquerdo.
- Entra Borja co trapecio polo proscenio dereita e vai a colocalo, pero non lle chega, niso entra Ero que lle tira dos pantalón e déixao en calzóns. Borja todo vergonzoso recúa e colle os paos longos, mentes Isa e Ero colocan o trapecio. Poñen tamén os pesos.
- Logo entra polo proscenio esquerdo Larraitz coa a escaleira verde e o trapecio da esquerda. Deixa o trapecio no chan. Abre a escaleira e súbese a ela. Niso Xurxo e Isa baixan os paos longos e Ero coloca o trapecio. Poñen os sacos de area.
- Entra Borja enrolado na alfombra, Xurxo tira dela e se desenrola a colan no centro.
- Mentres os músicos poñen o sombreiro encarnado

## **6 NO CIRCO**

A orquestra toca nunha veira, luces, serpentinas, o presentador é o trapalleiro e anuncia os mais grandiosos números de circo:

**TRAPALLEIRO.-**      Donas e cabaleiros,  
                               nenos e nenas,  
                               benvidos ao Gran Circo  
                               de Cartón Pedra,

pedriña, pedra

Pedra mol!

Hoxe poderán desfrutar

dos máis impresionantes números circenses

executados polos máis maravillosos

e máis afamados artistas do mundo mundial!

E sen mais dilación daremos comezo

Presentado a nosa primeira artista

Con vostedes a grande bailarina Fina

China Capuchina...

Que realizará uns fantásticos equilibrios

encima da Cebra Tía Viva!

Un forte aplauso para elas

### **5.Ibert. INICIO. Binario (30")**

Entra a Bailarina bailando sobre a cebra(30")

Un aplauso para a bailarina Fina

China Capuchina e outro para Cebra Tía Viva!

Queda a bailarina no pe do trapecio e entra o mono no ombreiro do Trapalleiro

E a continuación damas e cabaleiros

un dos números máis agardados da noite

a bailarina Fina China Capuchina acompañada

do Monicaco Macaco un trapecista

recen chegado de máis aló de ningures...

dunha Illa alen dos mares...

¿Qué te sintes so? ¿Qué buscas novia?ç  
Anda, vai para o teu luagr...  
Miren como se mexe no trapecio...  
Veña, ese dobre salto mortal!

### **13.III movement. 3 pieces breves de Jacques Ibert**

Máis difícil aínda...  
O cuádruplo salto mortal....  
E sen rede!!!!....  
Silencio!  
Veña Monicaco Macaco,  
e Bailarina Fina China Capuchina  
todo o mundo agarda!  
Bravo, Bravísimo!  
Quen dixo medo?!  
Ollen con que facilidade  
O Monicaco Macaco  
vai executar o cuádruplo,  
quíntuplo, séxtuplo,  
séptuplo, óctuplo e  
xa non sei contar mais... salto mortal!!!!  
Cha, chan!

### **13.III movement. 3 pieces breves de Jacques Ibert**

Aplausos para os artistas trapecionistas  
E agora antes de chegar ao último número da  
noite a nosa bailarina Fina China Capuchina  
vainos deleitar cunha fermosísima e

Relaxante danza

Poñan moita atención

### Ibert. Ternario (30")

Entra a Bailarina bailando (30")

Que movemento!

Que maneira de danzar!

Marabillosa!

Extraordinaria!

Un grande aplauso...

E si pensan que xa estaba todo visto...

Atención!

Un cachiño de papel,

un cachiño de papel de periódico

nin mais, nin menos

vai facer o máis difícil aínda....

andar pola corda frouxa

arriscando a súa integridade física.

Con vostedes, a máis temeraria e ousada

folla de papel de periódico:

ARLEQUINA!

*Arlequina non se move, trema co medo*

*(Dille á Arlequina polo baixo)*

Veña, cacho de papel, móvete

*(Ao público)*

Con vostedes, Arlequina a folliña funambulista

*Arlequina non se move*



*(Dille á Arlequina polo baixo mentres saca unha tesoir)*

Comezas o número .... si ou si?

*Arlequina sube e comeza a andar pola corda, esvara e cae, ten medo*

*Aparece de súpeto entre o fume o mago e o trapalleiro preguntalle*

E ti, quen ves sendo?

O MAGO.- Eu son Marchelino o mago menguante

*(O trapalleiro nun aparte para si mesmo)*

TRAPALLEIRO.- Un mago! , excelente!

Era o que me faltaba no meu circo!

*(Ao público)*

Con todos vostedes,

O mago Marchelino recen chegado de, de, de,

.... de, de algún eido perdido do extremo oriente:

que nos vai deleitar cun famoso número de, de...

O MAGO.- De maxia.

TRAPALLEIRO.- Iso, de maxia

O trapalleiro ofrece de voluntario, pero o mago faille a cobra e colle a Arlequina e a mete na maleta mentres o trapalleiro agarra a maleta e Arlequina desaparece, onde esta "quen o sabe". Apoian a maleta no centro da escena e o trapalleiro comproba que Arlequina desapareceu . O trapalleiro rouba a maleta. Persecución polo proscenio

### **Música persecución**

#### **CAMBIO DECORADOS**

Mentres o Trapalleiro e Marcelino pelexan van cambiando de posición primeiro o peirao que se transforma no banco de carpinteiro, logo xíranse o panel das ferramentas e o panel do cuco e desaparecen as casas e o panel dos carteis. Pelexan logo por diante e desaparecen. Ao final o trapalleiro queda cunha maletinha pequeniña e marcha mosca. Marcelino comeza a andar polo aire no lateral dereito, mentres a porta desprazase polo proscenio. Pasa de largo, recúa e entra no taller pola porta.

## 7 NO TALLER

Marcelino entra no taller coa maleta e descubre a Arlequina dentro.

Marcelino sae e volve co percheiro con cacharros. Marcha.

Entra pola porta o Bebito (Larraitx) tropeza contra as potas que fan ruído, O Bebito ve a Arlequina e vai cara ela, entón os cacharros comezan a ter vida, e tocan unha **pandeirada** Arlequina baila como tola con eles, o Bebito tamén brinca.

De súpeto aparece Marcelino cun grande reloxo e rachase a maxia polo que os cacharros deixan de soar e quedan no seu sitio. Marcelino colle a Arlequina e esta cóntalle que quer ser un PERSONAXE, Marcelino lle di que ela xa e unha marioneta e que e a protagonista da obra que se esta a representar, e que ten que acougar pois maña ten outra representación.

**ARLEQUINA.-** Eu quero un papel

Marchelino dálle un kleneex

Non, home, non

Un papel nunha obra de teatro,  
eu quero ser artista.

**MARCHELINO.-** Pero, Arlequina, ti xa es a protagonista  
da obra que estamos a representar.

Agora tes que descansar que maña  
outra función haberá.

### 17. ARLEQUINA CANTA UNHA CANTIGA QUE FALA DA SUA HISTORIA:

*Eu son Arlequina un anaco de papel  
aínda que teño letras non sei ler.*

*Eu son Arlequina un cacho de periódico  
enciclopédico, lúdico e melódico.*

*Teño alma de marioneta*

*E corazón de poeta.*  
*Quixera ser artista*  
*Quixera ser musica,*  
*Pintora, escultora, escritora,*  
*Pallasa, trapecista, maga, equilibrista...*  
*Quero ser marioneta*  
*De luva, variña e fíos,*  
*Un bunrraku, unha pupi italiana, un bululú,*  
*un monifate, un monicreque, un turuleque,*  
*Eu son Arlequina un anaco de papel*  
*aínda que teño letras non sei ler.*  
*Teño alma de marioneta*  
*E corazón de poeta.*

Ao tempo que canta as marionetas: O Arameo, un peixe, unha de potas e mailos músicos a van arrodeando, o Bebito colle a Arlequina, a acariña e lle da bicos, Arlequina e o Bebito dormen apreixadiños. Marcelino senta a veira da mesa e fica durmido... O paxaro entra en escena e vai apagando as luces so queda aceso un foco que alumea a Arlequina e Bebito. Remata a música, apágase a luz do cenital

## **ESCURO**

**ARLEQUINA.-** E MAÑÁ SERÁ OUTRO DÍA